



VIII TRAVESÍA NADO AO CASTELO DE SANTA CRUZ

REGULAMENTO

Contido

1. Resumo.....	3
2. Organiza.....	3
3. Colabora.....	3
4. Patrocina.....	3
5. Perfil da travesía.....	3
6. Requisitos dos participantes.....	3
7. Percorrido e balizamento.....	4
8. Embarcacións de apoio, kaiks e táboas de SUP.....	4
9. Abandonos.....	5
10. Identificación.....	5
11. Penalizacións.....	6
12. Inscripcións.....	7
13. Límite de prazas.....	7
14. Entrega da bolsa ao nadador.....	7
15. Gardarroupa.....	8
16. Material técnico obrigatorio.....	8
17. Compromiso de responsabilidade e seguridade.....	8
18. Protección do medio ambiente.....	9



19. Programa	9
20. Imprevistos e suspensión da proba.	9
21. Uso dos datos do participante – protección de datos	9
22. Descargo de responsabilidade e declaración de aptitude física.	10
23. Dereitos de imaxe	11
24. Modificación do regulamento	11



1. Resumo.

- **Título :** VIII TRAVESÍA A NADO CASTELO DE SANTA CRUZ
- **Distancia:** 1.500 metros
- **Número máximo de inscritos:** 100
- **Categorías:** masculino e feminina.
- **Idade:** maiores de 16 anos.
- **Donativo de inscrición:** 15 €
- **Hora e data:** 12:30 do día 22 de Agosto de 2026..

2. Organiza.

- Club Natación Oleiros.

4. Colabora.

- Concello de Oleiros e Protección Civil de Oleiros.

5. Patrocina

- Alinea.
- Deporte Xestión
- La siesta by roots
- Asbeco

6. Perfil da travesía.

- **Proba:** VIII Travesía Castelo de Santa Cruz
- **Distancia:** 1.500 metros
- **Data e Lugar:** Sábado 22 de Agosto 2026. Praia de Santa Cruz (Oleiros)
- **Saída:** Fronte a Praza do Castelo
- **Chegada:** Fronte a Praza do Castelo
- **Tempo de corte:** 60 minutos.
- **Entrega de dorsais:** o día da proba dende as 11:00.



A proba realizarase en augas abertas, polo que os nadadores tomarán a saída todos xuntos.

7. Requisitos dos participantes

Poderá participar calquera persoa física de calquera nacionalidade, federados ou non.

Proba autorizada para maiores de 16 anos cumpridos o día da competición. Menores de idade e sempre maiores de 16 anos, terán que contactar coa organización e achegar a seguinte documentación: autorización paterna ou do seu titor e mostrar un breve currículo deportivo, asinado polo seu adestrador/a, que mostre que están capacitados para realizar a proba. Unha vez presentada a documentación, a organización decidirá baixo criterios técnicos se autoriza ou non a participación do menor, e comunicaráselle vía mail.

Coñecer e aceptar as condicións do presente regulamento.

Realizar correctamente todos os pasos e requisitos para a inscrición.

Aceptar o descargo de responsabilidade e a declaración de aptitude física que che faremos chegar cando te inscribas.

A inscrición á proba é persoal e intransferible e supón a aceptación do presente regulamento.

8. Percorrido e balizamento.

A organización balizará colocará tres balizas o percorrido será SAIDA – BALIZA 1 – BALIZA 2 – BALIZA 3 – META. A BALIZA 1 e a BALIZA 2 deixaranse a esquerda, a BALIZA 3 deixaranse a dereita.

Para o bo desenvolvemento da proba, a organización resérvase o dereito de cambiar o balizamento e/ou o percorrido total ou parcialmente, en caso que por correntes, ondas e/ou vento, téñase que modificar o percorrido orixinal. Estes cambios serán comunicados previamente.



9. Embarcacións de apoio, kaiaks e táboas de SUP.

Os nadadores serán custodiados por kaiaks e embarcacións de apoio co obxectivo de garantir a seguridade dos nadadores.

Kaiaks:

Os nadadores han de seguir en todo momento a liña de kaiaks que lles guiará durante toda a travesía.

Todos os kaiaks estarán sinalizados con chalecos de cores vivas para facilitar a orientación do nadador.

Embarcacións de apoio:

As embarcacións de apoio a motor, gobernarán respectando en todo momento una certa distancia de seguridade. Haberá embarcacións de apoio xerais, para cubrir o seguimento da travesía, así como embarcacións que contarán con tripulantes especializados no rescate e primeiros auxilios.

10. Abandonos

Se un participante decide abandonar, aconsellamos:

Realizar un sinal de socorro, levantando un ou os dous brazos.

O kaiak ou a táboa de SUP máis próxima serviralle de apoio mentres espera ser evacuado.

A organización resérvase o dereito para obrigar a un nadador para abandonar a proba:

Sempre que un nadador mostre sinais de fatiga extrema, deshidratación, hipotermia, ritmo extremadamente lento ao nadar ou presente calquera síntoma anómalo que lle impida nadar con normalidade.

Se o nadador incumpre calquera de lles normas que rexen este regulamento

Unha vez esgotado o tempo de corte regulamentario desde o inicio da proba.

11. Identificación

Os participantes deberán de identificarse co DNI ao recoller o gorro.



12. Penalizacións.

Tipo de falta	Penalización
Tirar residuos en zonas non habilitadas ou calquera tipo de conduta non respectuosa co medio natural.	Descualificación
Conduta antideportiva cara a outros participantes ou membros da organización.	Descualificación
Falta de equipamento obrigatorio.	Descualificación
Participar na proba sen previa inscrición.	Expulsión e prohibición de participar en futuras edicións
Participar co dorsal doutro participante.	Descualificación
Non seguir o percorrido marcado pola organización.	Descualificación
Omisión de auxilio a outra persoa.	Expulsión e prohibición de participar en futuras edicións
Abandono sen notificalo á organización.	Prohibición de participar en futuras edicións
Subirse a unha embarcación de apoio, kaiak, táboa de SUP ou avituallamiento.	Descualificación
Exceder o tempo máximo permitido.	Descualificación e obrigación de abandonar e subir a unha embarcación da organización.
Non obedecer ordes de organizadores ou servizos sanitarios de control.	Descualificación

A organización se reserva a potestade para sancionar as condutas non tipificadas na anterior listaxe de faltas que contraveñan as disposicións do presente regulamento.



13. Inscripcións

A inscrición se realiza a través do mail:

natacionoleiros@gmail.com ou por medio do link creado para o evento

Prazo de inscrición: Ata o día 20 de Agosto ás 15:00 horas ou unha vez chéguese ao limite de participantes.

Custe de inscrición: 15 euros por participante.

Inclúe:

- Participación na proba.
- Seguro de accidentes.
- Gorro do evento.
- Agasallo.

Xestión de baixas: Non terán reembolso as baixas na proba.

14. Limite de prazas.

A proba está calculada para un total de 100 participantes.

A organización resérvase o dereito de ampliar ou reducir o número de prazas por motivos de seguridade ou outros motivos que poidan afectar o bo desenvolvemento da carreira. En calquera caso, esta modificación será anunciada con suficiente antelación.

15. Entrega da bolsa ao nadador.

Para recoller a bolsa do nadador, será imprescindible presentar o DNI, PASAPORTE ou NIF do inscrito.



16. Gardarroupa.

Haberá servicio de gardarroupa.

17. Material técnico obrigatorio.

Todos os participantes están obrigados a levar o seguinte material, que poderá ser verificado na saída e/ou en calquera punto da carreira. Material obrigatorio:

Bañador.

Lentes de natación.

Gorro de natación proporcionado pola organización co seu número de dorsal.

A organización poderá engadir algún tipo de material obrigatorio non incluído neste apartado. En tal caso, este material será notificado coa suficiente antelación aos participantes.

18. Compromiso de responsabilidade e seguridade.

Todos os nadadores e nadadoras participantes aceptan o compromiso de responsabilidade e seguridade, unha vez feita a inscrición.

A persoa solicitante e no seu caso o seu responsable legal manifestará ser certos os datos declarados. No suposto que a organización detecte falsidade nos devanditos datos, poderá dar de baixa da proba ao nadador/a e non se lle permitirá a participación. Neste caso, a organización non se fará responsable dos posibles danos ou prexuízos ocasionados, nin se procederá á devolución do importe da cota de inscrición.



19. Protección do medio ambiente.

Os residuos deberán ser depositados nas embarcacións de apoio, prohibindo a súa vertedura no mar. A vertedura de residuos ao mar será penalizado coa descualificación na proba.

20. Programa

Hora	Sábado 22 de Agosto
11:00 – 12:00	Recollida de dorsais.
12:00 – 12:30	Charla de seguridade na zona de saída
12:30	Saída

21. Imprevistos e suspensión da proba.

A organización resérvase o dereito de variar o punto de saída, atrasar a hora de saída, modificar o percorrido, lugar de balizamentos, ou a suspensión da mesma, todo en prol da seguridade. Se a saída chegase a producirse, a proba considerárase como realizada, aínda no caso de suspenderse durante a súa celebración.

Se a proba chegase a suspenderse por forza maior como malas condicións climatolóxicas, en ningún caso se reembolsaría o importe da inscrición.

22. Uso dos datos do participante – protección de datos.

En cumprimento do establecido na Lei Orgánica de 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal (LOPD) e a Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico, a Comisión de Festas de Santa Cruz, infórmalle, e vostede consente que: Todos os datos de carácter persoal facilitados por Vostede son incorporados a un ficheiro de carácter persoal. O obxectivo da creación deste ficheiro, o cal é tratado de forma confidencial, é: Administrar a súa participación no evento. Xestionar a información procedente da proba, especialmente os tempos, as fotografías e os vídeos.



Realizar o control estatístico dos participantes co fin de retroalimentar á organización e aplicar os cambios pertinentes para a súa mellora Promocionar ou publicitar as actividades, servizos e artigos que ofrezan as entidades colaboradores da Comisión de Festas de Santa Cruz así como os dos patrocinadores do evento. Co seu consentimento ao proceso de inscrición e ao formulario correspondente, vostede autoriza de forma expresa a cesión dos seus datos persoais solicitados coas finalidades antes relacionadas a favor da Comisión de Festas de Santa Cruz, De calquera forma, vostede pode revogar en calquera momento o consentimento dado e exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, dirixíndose a estes a través da dirección de correo natacionoleiros@gmail.com.

23. Descargo de responsabilidade e declaración de aptitude física.

A inscrición á proba implica a aceptación das normas e a adecuada preparación do participante para á travesía, e que é consciente da dureza das condicións meteorolóxicas que se pode atopar na contorna onde se disputa a proba. Neste sentido, o participante exime á organización dos posibles problemas de saúde derivados da súa participación na carreira.

Os participantes inscritos na proba entenden que participan voluntariamente e baixo a súa propia responsabilidade na competición e por tanto, exoneran de toda responsabilidade á organización da proba e conveñen en non denunciar á entidade organizadora, colaboradores, patrocinadores e outros participantes, así como tampouco iniciar ningunha reclamación de responsabilidade civil ás citadas partes. A estes efectos, no momento da inscrición, o participante deberá marcar a casa de aceptación do descargo para formalizar a inscrición.

24. Percorrido



25. Dereitos de imaxe.

A entidade organizadora se reserva en exclusividade o dereito sobre a imaxe da proba, así como a explotación audiovisual e xornalística da competición. Calquera proxecto mediático ou publicitario deberá contar co consentimento da organización.



26. Modificación do regulamento.

En caso que a organización o considere necesario, poderá modificar o presente regulamento. As modificacións serán debidamente comunicadas aos participantes. A realización da inscrición implica o recoñecemento e a aceptación do presente regulamento.